

NOTA DE PRENSA

M^a del Carmen Macía estréase como candidata á alcaldía de Bóveda e presenta unha candidatura renovada e con xente moza nos postos de saída

Sinala que a lista, que foi presentada hoxe na compañía de deputados provinciais e no Congreso, está configurada para “defender os intereses dos veciños, para rachar coa parálise do Goberno do Sr. Arias e para introducir ao concello no século XXI”

Asume o reto con ilusión pero, sobre todo, con ganas de consolidar o traballo iniciado hai oito anos cando se na primeira liña da política local; cuestión que para Lara Méndez é unha “boa proba” de que os socialistas “cremos que hai outra forma de gobernar e sabemos como facelo, máis alá do inmovilismo e a desidia da dereita, que só pensa en como amarrarse á poltrona”

A candidatura resposta a un proxecto “serio e responsable, co que Roberto Castro sinalou, se dará continuidade ás políticas que noutros concellos nos que gobernamos, como é o de Ribas de Sil, estamos a dar unha resposta eficaz aos veciños, fronte aos recortes sectoriais dos Gobernos do PP, que se traducen en máis paro, menos servizos públicos e máis pobreza”

BÓVEDA, 18 DE ABRIL DE 2015.- A candidata á alcaldía de Bóveda –María del Carmen Macía-, xunto á vicepresidenta Segunda da Deputación –Lara Méndez-, aos deputados provinciais –Miguel Ángel Sotuela, Sonsoles López e Álvaro Santos, ao coordinador comarcal –Roberto García- e á deputada no Congreso –Margarita Pérez Herraiz- presentou este sábado a candidatura coa que concorrirá ás eleccións municipais do vindeiro mes de maio, e que está configurada para “defender os intereses dos veciños desta municipio, para rachar coa parálise do Goberno do Sr. Arias e para introducir ao concello no século XXI”.

Macía que, na actualidade é voceira do grupo municipal do PSOE, estréase así como cabeza de lista; un reto que asume con ilusión pero, sobre todo, con ganas de consolidar o traballo iniciado hai oito anos cando se iniciou na primeira liña da política local. Precisamente, esta dedicación e entrega foi destacada por Lara Méndez. A vicepresidenta Segunda da Deputación gabou “o intenso traballo” que a candidata desenvolveu nos últimos anos para mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños de Bóveda, unha “boa proba” de que os socialistas “cremos que hai outra forma de gobernar e sabemos como facelo, máis alá do inmovilismo e a desidia da dereita, que só pensa en como amarrarse á poltrona”.

Méndez puxo a Deputación de exemplo de “como os socialistas gobernamos as institucións públicas. Ofrecemos solucións aos problemas dos veciños, o paro, o despoboamento, os servizos sociais... e facémolo levando ben as contas públicas. Este ano acadamos a débeda cero, manténdonos ao mesmo tempo como a Deputación galega que, con moita diferenza, máis inviste por habitante”.

Mostra de que o Goberno provincial “atende e soluciona os problemas das persoas” é que destinará 380.000 euros a unha nova ETAP en Bóveda, que mellorará o abastecemento do 80% dos habitantes do municipio, “unha obra que, por certo, os veciños tamén deben á preocupación da candidata”, asegurou a Vicepresidenta.

“Proxecto serio e responsable”

Nesta mesma liña, o coordinador comarcal subliñou que a candidata representa un proxecto “serio e responsable, co que estou seguro, se dará continuidade ás políticas que levamos facendo os socialistas noutros concellos, como é o de Ribas de Sil, e coas que estamos a dar unha resposta eficaz aos veciños, fronte aos recortes sectoriais dos Gobernos do PP, que se traducen en máis paro, menos servizos públicos e máis pobreza”.



NOTA DE PRENSA

Candidatura

A candidatura, que lidera María del Carmen Macía, representa “o futuro que queremos para Bóveda”. Para iso, inclúe unha profunda renovación nos postos de saída “coa experiencia dos máis veteranos”, na parte baixa da lista. Está integrada por nove titulares, entre os que destaca o número dous con tan só 21 anos, e dous suplentes. Son os seguintes: 1.- María del Carmen Macía Rodríguez; 2.- Jesús González Carballedo; 3.- María Victoria Pereiro Rodríguez; 4.- José Manuel González Losada; 5.- Roberto Carlos Piñeiro Pacio; 6.- María del Carmen González García; 7.- José Antonio Vila Yáñez; 8.- José López Castro; 9.- María Dolores Vázquez Gay; 10.- Cristina Pereiro Rodríguez; e 11.- José Luis López Saco.